

# CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na igrexa)

18-19 de febreiro do 2023

## VII ORDINARIO A



Os COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,  
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,  
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,  
COA NATUREZA MALTRATADA,  
CON RESPONSABILIDADE COIDADORA ANTE A COVID-19  
E SEMPRE SEMENTANDO PAZ

### CAMPAÑA DE EMERXENCIA TERREMOTO EN TURQUÍA E SIRIA



## 1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

### SAÚDO DE BENVIDA

🎵 *nº 3 Unha xuntanza de amor estrofa 1*

#### *Celebrante:*

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe no nome do Pai, do Fillo e do Espírito Santo.

“Tedes oído ... pero Eu dígovos...”. O evanxeo de hoxe é continuación do que escoitamos a semana pasada pero dá un paso máis: hoxe Xesús fálanos do motor da vida cristiá: “O AMOR”.

Todos temos a experiencia de amar a quen nos ama, de querer ben a quen nos quere ben, pero Xesús proponnos un amor meirande: amar ata aos nosos inimigos, non devolver o mal, ser xenerosos, acompañar a quen o pida e rezar por quen te persigue.

Isto si que é Amor. “Non o hai meirande que o que dá a súa vida polos seus”.

Hoxe non nos equivocamos se nos achegamos e compartimos os medos e as dores de todos eses pobos de Turquía e Siria. A nosa fe só pode ser crible se é solidaria. O noso amar só pode ser crible se se fai vida á beira de quen está doído.

## ACTO PENITENCIAL

**Celebrante:** *A vida de Xesús demóstranos que amar é tarefa, é esforzo, é facer ben aos demais aínda sen esperar nada a cambio.*

*Agora diante de Deus pedimos perdón e renovamos o noso esforzo por facer mellor o evanxeo*

### Monitor/a

✓ Ás veces, na vida, parece que só hai que amar a quen nos ama, e desprezar a quen non nos ten aprezo. Perdón, Señor, perdón

✓ Ás veces, na vida, parece que só hai que tratar ben a quen pensa coma nós, e desprezar a vive ou cre diferente. Perdón, Señor, perdón

✓ Ás veces, na vida, parece que de todo se pode criticar e a todos se pode xulgar, faltándolle ao respecto. Perdón, Señor, perdón

**Celebrante:** *Deus todopoderoso teña piedade de nós, e dos que teñen un lugar na nosa vida. A todos, o Señor, nos conceda o perdón dos pecados e por Cristo Resucitado nos leve á vida eterna. Amén.*

## ORACIÓN PROPIA DO DÍA

**Celebrante:** *Rematamos a primeira parte da celebración presentándolle a Deus as nosas preocupacións co desastre de Turquía e Siria.*

*(Silenzo)*

### Celebrante:

Deus, Noso Pai, axúdanos a facer nosa a verdade que ti nos revelaches.

Fai que practiquemos de palabra e de obra o que é do teu agrado, de xeito que sexamos coherentes co evanxeo no que dicimos e no que facemos.

Así o fixo Xesús, e por El, pedímoscho a Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén.

## 2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

**(sentad@s)** a palabra de Deus proclámase dende o ambón

*No Lecci I– A páx 196 Lev 19, 1-2. 17-18 LECTURA*

### LECTURA DO LIBRO DO LEVÍTICO

Díxolle o Señor a Moisés:

- "Fálalle á comunidade dos fillos de Israel e dilles: Sede santos, porque santo son eu, o Señor, o voso Deus.

Non terás odio de corazón ao teu irmán; e reprenderás con decisión o teu próximo, para non cargar co seu pecado. Non te vingará nin lles terás xenreira aos teus conveciños: amarás o teu próximo coma a ti mesmo. Eu son o Señor.

**Palabra do Señor**

♪ n° 50 Na tardiña baixa da vida SALMO

**Celebrante** O evanxeo que agora imos escoitar é a proposta de Xesús por un mundo mellorado. El non se contenta co que sempre se dixo, El trae un novo xeito de vivir. Para Xesús a grandeza da vida está na capacidade de amar, e non só a quen nos quere ben.

(en pé) No Lecc IA páx 198 Mt 5, 38-48 EVANXEO

**PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO  
SEGUNDO MATEO**

Daquela Dilles Xesús aos seus discípulos:

Tedes oído que se vos dixo: Ollo por ollo e dente por dente. Pero eu dígovos: non volvades mal por mal. Ao contrario, se alguén che dá un lapote na túa meixela dereita, preséntalle a outra; a quen queira preitear contigo e che leve a túnica, déixalle ir tamén o mantelo; a quen te obrigue a camiñar con el unha milla, acompañao dúas. A quen che pide, dálle; e non te vires de costas a quen che pida emprestado.

Tedes oído que se vos dixo: Amarás o teu próximo e aborrecerás o teu inimigo. Pero eu dígovos: amade os vossos inimigos, e pregade polos que vos perseguen. Así seredes fillos de voso Pai que está no ceo, que fai saír o seu sol sobre malos e bos, e chover sobre xustos e inxustos.

Porque, se amades aos que vos aman, que recompensa ides ter?. Non fan o mesmo os recadadores de impostos?

E se saudades soamente a vossos irmáns, que facedes de máis? Non fan outro tanto os pagáns?.

Daquela sede bos sen exclusivismos, coma o voso Pai celestial é totalmente bo.

**Palabra do Señor**

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón





Que nos propón esta  
Palabra que vimos de  
escoitar?

Di Xesús: Amade aos  
vosos inimigos.

A nós a veces apetécenos  
máis o de ollo por ollo,  
dente por dente, e só nos  
preocupa amar a quen nos  
quere ben.

Di Xesús: Non lle vires as costas.

A veces a nós preocúpanos o noso e o dos nosos, e  
facemos oídos xordos a quen non é dos nosos.

Di Xesús: Acompaña a quen está na soidade.

A veces queremos que nos acompañen nas nosas  
soidades pero buscamos excusas á hora de achegarnos  
nós aos esquecidos do noso mundo.

Di Xesús: A quen che pide dalle.

A veces falamos demais de solidariedade pero o noso  
corazón fártase en egoísmo, en envexa, e mesmo sen  
preocuparnos se iso axuda a cargarnos o planeta.

## PROFESIÓN DA FE

**Celebrante** Neste encontro parroquial no que  
renovamos os nosos compromisos con Xesús,  
queremos coma EL facer da fe o camiño de  
liberdade para achegarnos a Deus Pai. Dicimos:

♪ **Creo, Señor, pero aumenta a miña fe**

**Monitor/a:**

Crede en Deus, no Deus que é Pai e Nai,  
creador do ceo e máis da terra,  
que pon no noso corazón o seu amor  
para sermos bos sen exclusivismos?

**Creo, Señor, pero aumenta a miña fe**

Crede en Xesús, o seu Fillo Benquerido,  
que viviu nesta terra facendo sempre o ben  
e demostrando que o amor sen feitos está morto?

**Creo, Señor, pero aumenta a miña fe**

Crede no Espírito Santo,  
que alenta dentro de cada un de nós  
para non deixarnos levar polos egoísmos,  
polas aparencias, polas vinganzas?

**Creo, Señor, pero aumenta a miña fe**

Crede na Igrexa,  
comunidade que vive nos feitos as palabras de Xesús,  
e que se fai unha xuntanza de amor?

**Creo, Señor, pero aumenta a miña fe**

## ORACIÓN UNIVERSAL

**Celebrante:** *Acudimos hoxe a Deus coas nosas pregarías querendo que a nosa vida mostre sempre amor para todos coma nos ensinou Xesús.*

**Dicimos:** **Señor, énchenos do teu amor**

### **Monitor/a:**

✓ Para que cantos formamos a Igrexa nos esforcemos por camiñar por vieiros de solidariedade, respecto e igualdade, á hora de tratarnos uns aos outros, oremos

✓ Para que nas parroquias nos esforcemos por deixar atrás os contos e os comentarios que tanto feren e doen, e digámonos as cousas con respecto e sen segundas intencións, oremos

✓ Polas persoas que sofren as consecuencias dunha sociedade tan competitiva, que non dubida en deixar tirados a tantos homes e mulleres, oremos

✓ Por nós, para que non teñamos medo á hora de tender pontes e derrubar muros, acollendo e agarimando, oremos

✓ Por todas as persoas e pobos que en Turquía e en Siria están pasando uns momentos tan amargos e duros. Oremos

**Celebrante:** *Señor, escoita as nosas pregarías e énchenos do alento que te levaba a achegarte e ofrecer o mellor aos demais. Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén.*

## 3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

### NOSO PAI

**Celebrante:** *Oremos coa pregaría de Xesús deixándonos encher do seu amor e atopándonos co Deus Pai que está doído con todo o que lle pasou a eses pobos de Turquía e Siria. Rezamos así a Deus que se doe con nós: NOSO PAI ...*

### SIGNO DA PAZ

**Celebrante:** *As nosas mans tendidas uns para os outros expresan a nosa vontade de ser coherentes nos feitos; con corazón de irmáns, na liberdade de procurar un mundo mellor, e na responsabilidade da fe, desexámonos o mellor na paz uns para os outros.*

### COMUÑÓN

**Celebrante:** *Xesús invita a esforzarnos por amar, por facer ben sen esperar nada a cambio. El faise para nós Pan que alimenta a nosa vida. Participar aquí é comprometer a vida en construír un mundo máis respectuoso con todos.*

*Ditosos nós por compartir coma comunidade este pan do Señor.*

*Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar*

**CANTO nº 41** *Quen nos vai separar de Ti*

#### 4.- AVISOS E DESPEDIDA

##### ORACIÓN FINAL

**Celebrante:**

Señor, seguros da túa bondade,  
Ti dásnos no evanxeo un exemplo  
e unha garantía da nosa salvación.

Fai que todo o que hoxe celebramos  
nos leve xa agora a dar froitos  
en todo o que dicimos e o que facemos.

Pedímoscho a Ti que vives e reinas con nós  
por sempre eternamente. Amén

*Hoxe queremos seguir as pegadas de Xesús cumprindo  
o seu mandato de AMOR.*

*Queremos manternos fieis no camiño de facer crible o  
evanxeo facendo o ben que poidamos sen esperar nada  
a cambio*

*Tamén queremos achegar a nosa solidariedade doída  
aos pobos de Turquía e Siria.*

*Avísase das misas (ver folla do mes)*

*Que teñamos un bo día, unha boa semana,  
e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal  
e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén.*

*A lei antiga  
en mans de Xesús é ...*



É AMOR



*Sede bos ...*

*Palabras de Xesús no evanxeo de hoxe*